



RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE PERSOAL LABORAL, POLO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA Nº 233/2022

Con data 30 de maio de 2022 a través da Resolución nº 88 aprobouse a oferta de emprego público de estabilización de persoal laboral para o ano 2022 que foi publicada no BOP nº 102 do 31 de maio de 2022, e con posterioridade por acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de novembro de 2022 estimáronse as alegacións do delegado de persoal, incluíndose dúas prazas de auxiliares de información turística, a maiores das inicialmente previstas.

En virtude do acordo da Xunta de Goberno do Consorcio de Turismo e Congressos da Coruña, de data 25 de novembro de 2022, e, en execución do mesmo, pola Presidencia dispúxose o seguinte:

«De conformidade co establecido no artigo 21 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar as bases xerais comúns e específicas contidas como anexo ao presente acordo, que regularán todos os procesos selectivos especiais e excepcionais de estabilización para a provisión en propiedade de prazas do Consorcio de Turismo e Congressos da Coruña, en virtude do esixido pola Lei 20/2021 do 28 de decembro de Medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, coas normas específicas aplicables aos procesos excepcionais de estabilización de emprego por concurso, así como normas específicas aplicables aos procesos especiais de estabilización de emprego por concurso-oposición.

SEGUNDO: A presente Resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a ditase ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo no prazo de dous meses a contar desde a súa publicación no “Boletín oficial da provincia da Coruña”, a teor do establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.”

Na Coruña, na data da sinatura electrónica

O Presidente



BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE PERSOAL LABORAL, POLO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO

Primeira. Obxecto

1.1 As presentes bases xerais teñen por obxecto regular os procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral nas prazas relativas ao proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal segundo a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público, no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio).

1.2 Os requisitos específicos de cada proceso selectivo estableceranse nas bases específicas reguladoras de cada unha das convocatorias, no marco da aplicación xeral das presentes bases.

Segunda. Normativa aplicable

Os procesos selectivos citados rexeranse polo establecido nestas bases xerais e nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria.

Así mesmo, no non establecido nelas, serán de aplicación a estes procesos selectivos o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TREBEP); a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Real decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios de administración local, con excepción dos artigos 8 e 9; Decreto 95/1991, de 20 de marzo, que aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; Real decreto 364/1995, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante LPAC); Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público; Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

En canto ao sistema selectivo establecido para o desenvolvemento dos procesos selectivos derivados deste proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal, sinala o

artigo 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público, que aquel será o de concurso-oposición, cunha valoración da fase de concurso dun 40% da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate podendo non ser eliminatorios os exercicios da fase de oposición, no marco da negociación colectiva prevista no artigo 37.1 c) do TREBEP.

En porén, a disposición adicional sexta da dita Lei sinala que as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1/01/2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais e respectarán, en todo caso, os prazos establecidos nesta norma.

Esta disposición adicional é complementada coa disposición adicional oitava que establece que adicionalmente, os procesos selectivos contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1/01/2016.

Neste contexto, as bases xerais que regularán estes procesos selectivos no Consorcio valoran no concurso de méritos unicamente a experiencia profesional previa como persoal empregado público de natureza temporal, laboral temporal ou indefinido non fixo, e establécese distinta puntuación da experiencia profesional en función da Administración na que aquela se adquirise. A base desta excepcionalidade na valoración do mérito e capacidade xa ven reflexada no preámbulo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, que sinala que sobre este concurso como proceso excepcional, cabe traer a colación a doutrina fixada polo Tribunal Constitucional sobre o principio de igualdade no acceso aos cargos e empregos públicos (artigo 23.2 CE), que unicamente pode ser exceptuada por razóns excepcionais e obxectivas. Ademais, este acceso ha de ordenarse de maneira igualitaria na convocatoria mediante normas abstractas e xerais co fin de preservar a igualdade ante a lei da cidadanía, o que obriga ao lexislador e á Administración para elixir regras fundadas en criterios obxectivos e presididos polos canons de mérito e capacidade que o artigo 103.3 CE dispón (SSTC 67/1989, 27/1991 e 60/1994).

Entre as condicións que, de acordo coa xurisprudencia constitucional, han de darse para que non caiba apreciar infracción algunha do principio de igualdade de acceso a cargos e empregos públicos do artigo 23.2 da Constitución atópanse, en primeiro lugar, que se trate dunha situación excepcional; segunda, que só se acuda a este tipo de procedementos por unha soa vez, pois doutro xeito perderíase a súa condición de remedio excepcional e terceiro, que dita posibilidade estea prevista nunha norma con rango legal (STC 12/1999, do 11 de febreiro de 1999).

Así, entre outras, a sentenza do Tribunal Supremo 2186/2019 do 24/06/2019, xa indicaba que *“non parece arbitrario atribuír distinta puntuación á experiencia previa na Administración segundo adquiriuse na mesma á que pertence a praza convocada ou a outra diferente. Aínda podendo haber elementos comúns entre unha e outra, non cabe dúbida de que non é o mesmo o contexto organizativo e funcional correspondente nin de que tampouco coinciden, en principio, as competencias e funcións nin a normativa para aplicar. Por tanto, mediando esas diferenzas non é irrazonable que tamén difira a puntuación”*.

Xa na Resolución da Secretaría de Estado de Función pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público, do 01/04/2022, se establece a valoración maioritaria da experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente como persoal temporal na Administración na que se desexa acceder.

Terceira. Publicidade das convocatorias e seguimento dos procesos selectivos

3.1 As convocatorias dos procesos selectivos serán publicadas, ademais de no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en diante BOP), na sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>).

Os anuncios das convocatorias publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no Boletín Oficial do Estado (en diante BOE).

3.2 Os demais actos e acordos que se diten en desenvolvemento de cada proceso selectivo realizarase a través do BOP, da sede electrónica e do taboleiro de edictos e anuncios do Concello, segundo proceda.

Cuarta. Procesos selectivos

4.1. Os procesos de selección realizaranse mediante o sistema de concurso-oposición e de concurso de conformidade co previsto no artigo 2 e na disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público e de acordo co que establezan as correspondentes bases específicas das convocatorias, nos seguintes termos:

PRAZA	OEP	SISTEMA SELECTIVO
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA		
Dirección – Coordinación de la Torre de Hércules A1	2022	CONCURSO
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO

PRAZA	OEP	SISTEMA SELECTIVO
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO - OPOSICIÓN
Auxiliar de información turística C2	2022	CONCURSO - OPOSICIÓN

4.2 Sistema selectivo concurso - oposición

4.2.1 A puntuación da fase de oposición suporá un 60% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

4.2.2 Desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e máximo de 40 días hábiles.

4.2.3 Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo órgano de selección. Serán excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo nos supostos alegados e xustificadas con anterioridade á celebración do exercicio e nos casos de forza maior acaecidos o mesmo día da realización, apreciados discrecionalmente polo órgano de selección, que deberá adoptar resolución motivada para o efecto. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo.

4.2.4 Se por mor de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados algunha das persoas aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algún exercicio deste, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto de aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo órgano de selección, e en todo caso a súa realización terá lugar antes da publicación da listaxe de aspirantes que superaron o proceso selectivo

4.2.5 A orde de actuación das persoas opositoras será o que resulte do sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.2.6 Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

4.2.7 O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade das persoas aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algunha das persoas aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade convocante, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

4.2.8 Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o órgano de selección establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases da correspondente convocatoria.

No caso de que o órgano de selección acorde parámetros para a cualificación dun exercicio en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos na convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

O órgano de selección adoptará as medidas necesarias para garantir o anonimato dos aspirantes na corrección dos exercicios, salvo nas exposicións orais que se acorden ou nos exercicios prácticos que non o permitan.

4.2.9 Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos restantes exercicios faranse públicos cun mínimo de 12 horas de antelación á sinalada para o seu inicio, se se trata do mesmo exercicio, ou con 24 horas se se trata dun novo. Estes anuncios publicaranse na sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio.

Así mesmo, concluído cada un dos exercicios do proceso selectivo, o órgano de selección fará pública na sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio a relación de aspirantes que os superasen con indicación da puntuación obtida.

4.2.10 Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no BOP das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

4.2.11 A fase de oposición versará sobre as materias comúns e específicas contidas nos programas correspondentes das diferentes convocatorias.

Os programas conterán unha parte común ás prazas correspondentes a un mesmo grupo de titulación e escala (materias comúns) e unha parte específica (materias específicas) relacionada co contido das funcións e tarefas atribuídas á praza convocada.

O número de temas atendendo ao grupo de titulación supón unha redución dun 20% respecto ao número mínimo de temas establecido para cada grupo/subgrupo no artigo 8.3 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. Este número é o seguinte:

GRUPO/SUBGRUPO	NÚMERO DE TEMAS
A1	72
C2	16

Na fase de oposición os exercicios terán carácter eliminatorio e na realización dos exercicios escritos deberá garantirse o anonimato das persoas aspirantes.

Os programas que rexerán as probas selectivas detallaranse no anexo das bases específicas de cada convocatoria.

4.2.12 Os sistemas de cualificación do proceso selectivo recolleranse nas bases específicas de cada convocatoria, outorgando maior puntuación aos exercicios da fase de oposición de carácter práctico relacionados coas funcións das prazas convocadas.

4.2.13 Nos exercicios tipo test, no prazo máximo de 3 días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. Os interesados poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

4.2.14 A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración dos méritos recollidos nas bases específicas de cada convocatoria a aquelas persoas aspirantes que superasen a fase de oposición. A valoración destes méritos suporá un 40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo. Dado o carácter extraordinario e específico da estabilización do emprego temporal, na valoración de méritos terase en conta maioritariamente a experiencia na escala, subescala, clase, categoría profesional ou equivalente de que se trate na correspondente convocatoria, nos seguintes termos:

a) Méritos profesionais (suporá un máximo do 90% da puntuación):

a.1 Servizos prestados como, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica en Consorcios de Turismo e/ou Congresos: 0,6 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.2 Servizos prestados como persoal, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica noutros Consorcios locais: 0,429 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.3 Servizos prestados como, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica noutros Consorcios : 0,333 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.4 Servizos prestados como persoal, laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica noutras administracións

públicas locais distintas das anteriores: 0,273 puntos por mes completo de servizos efectivos.

A puntuación máxima neste apartado será de 36 puntos.

b) Méritos de formación e outros méritos (suporá un máximo do 10% da puntuación):

b.1 Cursos de formación: outorgarase unha puntuación por cada hora de cursos formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza de obxecto da convocatoria específica e que fosen convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), escolas de formación similares do Estado e das restantes administracións públicas, demais administracións públicas, universidades públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas, colexios profesionais, sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap). Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración en horas.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

A puntuación por cada hora de formación establecerase en función do subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que non teña subgrupo, da praza obxecto da convocatoria nos seguintes termos:

- Prazas do subgrupo A1: 0,03 puntos por hora de formación
- Prazas do subgrupo C2: 0,15 puntos por cada hora de formación
- Prazas das agrupacións profesionais: 0,3 puntos por cada hora de formación

b.2 Outros méritos: 0,5 puntos por cada un dos exercicios superados da fase de oposición nas últimas dúas convocatorias, pola quenda libre, realizadas polo Consorcio para a cobertura como persoal laboral das mesmas prazas obxecto da correspondente convocatoria específica, dentro dos 15 anos anteriores á data final do prazo de presentación de solicitudes

A puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados. Se os méritos non se acreditan como sinalan as bases non serán tidos en conta polo órgano de selección.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes da Administración do Consorcio.

O órgano de selección realizará a baremación da fase de concurso e publicará a puntuación provisional na sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio.

4.2.15 Contra os resultados da puntuación provisional obtida na fase de concurso as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o órgano de selección nun prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación. Á vista das reclamacións presentadas o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas.

4.2.16 A cualificación final do proceso selectivo que se realice mediante o sistema de concurso-oposición virá determinada pola suma da cualificación final da fase de oposición e a puntuación obtida na fase de concurso.

4.2.17 En caso de empate, a orde establecerase atendendo á seguinte prelación:

- a) Estar ocupando unha das prazas convocadas no correspondente proceso selectivo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.
- b) Maior antigüidade como persoal, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica en Consorcios de Turismo e /ou Congresos
- c) Maior puntuación obtida no conxunto do apartado a) de méritos profesionais
- d) Maior puntuación obtida no apartado b) do baremo de méritos.
- e) Orde alfabético segundo o sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo.

4.2.18 As bases específicas dos procesos selectivos convocados mediante o sistema de concurso-oposición poderán acordar a formación de listaxes de agarda a efectos do seu posible nomeamento tanto como persoal funcionario interino, como para substitucións con aquelas persoas aspirantes que tendo superado algún exercicio da fase de oposición non sexan nomeadas persoal laboral

Estas listaxes xestionaranse de conformidade coa instrución de listaxes de agarda vixente.

4.2.19 Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

4.3 Sistema selectivo de concurso

4.3.1 O sistema selectivo de concurso consistirá na valoración de méritos profesionais, méritos de formación e outros méritos. Os méritos profesionais suporán un 90% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo e os demais méritos suporán un 10% da puntuación máxima alcanzable.

4.3.2 A baremación dos méritos do concurso terá a seguinte distribución:

a) Méritos profesionais (suporá un máximo do 90% da puntuación):

a.1 Servizos prestados como, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na praza obxecto da convocatoria específica en Consorcios de Turismo e/ou Congresos: 0,9375 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.2 Servizos prestados como, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica en outros Consorcios locais adscritos a Concellos: 0,75 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.3 Servizos prestados como persoal funcionario interino, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica noutros Consorcios: 0,625 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.4 Servizos prestados como persoal funcionario interino, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica noutras administracións públicas locais distintas das anteriores: 0,536 puntos por mes completo de servizos efectivos.

A puntuación máxima neste apartado será de 90 puntos.

b) Méritos de formación e outros méritos (suporá un máximo do 10% da puntuación):

b.1 Cursos de formación: outorgarase unha puntuación por cada hora de cursos formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza de obxecto da convocatoria específica e que fosen convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), Escolas oficiais de idiomas (EOI), Escolas de formación similares do Estado e das restantes administracións públicas, demais administracións públicas, Universidades públicas, Organismos públicos e Entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas, Colexios profesionais, Sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap). Non se valorará a asistencia a asembleas,

xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración en horas.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

A puntuación por cada hora de formación establecerase en función do subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que non teña subgrupo, da praza obxecto da convocatoria nos seguintes termos:

- Prazas do subgrupo A1: 0,08 puntos por hora de formación
- Prazas do subgrupo C2: 0,4 puntos por cada hora de formación

b.2 Outros méritos: 0,5 puntos por cada un dos exercicios superados da fase de oposición nas últimas dúas convocatorias, pola quenda libre, realizadas polo Consorcio para a cobertura como persoal laboral das mesmas prazas obxecto da correspondente convocatoria específica, dentro dos 15 anos anteriores á data final do prazo de presentación de solicitudes

A puntuación máxima neste apartado será de 10 puntos.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados. Se os méritos non se acreditan como sinalan as bases non serán tidos en conta polo órgano de selección.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes da Administración do Consorcio.

O órgano de selección realizará a baremación da fase de concurso e publicará a puntuación provisional na sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio.

4.3.3 Contra os resultados da puntuación provisional obtida na fase de concurso as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o órgano de selección nun prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación. Á vista das reclamacións presentadas o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas.

4.3.4 A cualificación final do proceso selectivo que se realice mediante o sistema de concurso virá determinada pola suma da cualificación final obtida en cada un dos méritos baremados.

4.3.5 En caso de empate, a orde establecerase atendendo á seguinte prelación:

- a) Estar ocupando unha das prazas convocadas no proceso selectivo correspondente na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes da correspondente convocatoria.
- b) Maior antigüidade como persoal, persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto da convocatoria específica en Consorcios de Turismo e/ou Congresos
- c) Maior puntuación obtida no conxunto do apartado a) de méritos profesionais
- d) Maior puntuación obtida no apartado b) do baremo de méritos.
- e) Orde alfabético segundo o sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo.

4.3.6 Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

4.4 Acreditación do coñecemento da lingua galega

De conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e será cualificado como apto ou non apto. Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas aspirantes que acrediten a posesión do Celga do nivel correspondente esixido na convocatoria específica ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Quinta. Acceso das persoas con discapacidade

As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir no modelo oficial da solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

No caso de que as persoas con discapacidade tiveran solicitado adaptacións ou axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas do proceso selectivo, deberán achegar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao

de discapacidade, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

Sexta. Requisitos das persoas aspirantes

6.1. Requisitos xerais

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas correspondentes bases específicas:

- a) Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Posuír a titulación esixida nas correspondentes bases específicas ou estar en condicións de obtela. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.
- f) Outros requisitos que, no seu caso, poidan esixirse nas correspondentes bases específicas.

6.2 De conformidade co artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade, non ter sido condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código penal. Para ese efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia

mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

6.3 Non poden participar nos procesos selectivos as persoas que xa teñan a condición de persoal laboral indefinido no Consorcio na mesma praza obxecto da convocatoria.

6.4 As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Sétima. Solicitudes

7.1 Forma e prazo de presentación

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) mediante o procedemento específico “Participación en probas selectivas” ou mediante o procedemento establecido nas respectivas bases específicas. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, neste caso poderase descargar o modelo oficial de tramitación presencial na sede electrónica.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Consorcio poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

7.2 Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán declarar que reúnen todos os requisitos esixidos nas bases xerais e específicas da convocatoria na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

7.3 As persoas aspirantes deberán presentar o modelo específico de solicitude establecido polo Consorcio para os procesos selectivos derivados do proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal.

En todo caso, no caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán presentar coa solicitude:

- Acreditación do Celga do nivel requirido nas bases específicas ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación

7.4 Acreditación de méritos para baremar no caso de concurso-oposición:

Nas prazas convocadas mediante o sistema selectivo de concurso-oposición, con posterioridade a fase de oposición, o órgano de selección valorará os méritos alegados e



acreditados documentalmente no prazo de presentación de solicitudes polas persoas aspirantes que superasen a fase de oposición.

No caso das prazas convocadas mediante o sistema selectivo de concurso o órgano de selección valorará o méritos alegados e acreditados documentalmente no prazo de presentación de solicitudes, polas persoas aspirantes que presentaran a súa solicitude en prazo.

A documentación que acredite os méritos presentaranse, xunto coa solicitude de participación, preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) ou mediante o procedemento establecido nas respectivas bases específicas. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados. Se os méritos non se acreditan como sinalan as bases non serán tidos en conta polo órgano de selección.

Os méritos relativos aos servizos prestados no Consorcio deberán alegarse coa solicitude, con indicación dos períodos de servizos prestados e serán comprobados polos servizos do Consorcio.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante certificado expedido polo órgano correspondente. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento con indicación do corpo, escala, subescala ou clase e praza de adscrición. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondentes a esa categoría.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes do Consorcio.

7.8 Nos procesos selectivos convocados mediante concurso-oposición, as persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, si o texto

do exercicio deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os/as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

7.9 A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

7.10 No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Consorcio coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión ás probas selectivas. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Consorcio ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Oitava. Admisión de aspirantes

8.1. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a autoridade convocante ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase no BOP e na sede electrónica do Consorcio concedendo un prazo de 10 días hábiles para emendar as solicitudes contado desde o seguinte á devandita publicación.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido, será definitivamente excluído do proceso selectivo.

8.2. Terminado o prazo de reclamacións, o órgano competente ditará nova resolución, elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Nesta resolución, que será publicada no BOP e na sede electrónica do Consorcio, establecerase a composición do órgano de selección. Nos procesos selectivos convocados polo sistema de concurso-oposición, esta publicación incluírá o lugar, data e hora da realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

8.3 Nos procesos selectivos convocados polo sistema de concurso-oposición, o órgano de selección fará pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios e edictos do Consorcio a relación de persoas aspirantes admitidas que solicitaron adaptación de tempo e/ou medios, indicando para cada unha delas a adaptación concedida ou, se fora o caso, os motivos da denegación.

Novena. Órgano de selección

9.1. Os tribunais de selección que xulgarán as probas selectivas estarán constituídos por un número impar de membros, nunca inferior a 5, coa seguinte composición:

a) Un/Unha presidente/a, que será persoal laboral ou un/unha funcionario/a designado/a l polo órgano competente.

- b) Vogais, laborais ou funcionarios/as designados/as polo órgano competente.
- c) Un/Unha secretario/a, será un/unha funcionario/a ou persoal laboral designado/a polo órgano competente.

Este/a secretario/a poderá ser un membro do propio tribunal ou un/unha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos.

A composición dos órganos de selección deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá á paridade entre muller e home. Todos os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.
- b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.
- c) O persoal eventual.
- d) As persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non se poderá ter en representación ou por conta de ninguén.

9.2 Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo

9.3. Os membros do órgano de selección deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano competente, cando concorran neles algunha das causas establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as/os aspirantes poderán recusar os membros do órgano de selección cando concorran neles algunha de tales circunstancias, segundo o disposto no artigo 24 da mesma lei.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do órgano de selección e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base 9.7 que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

9.4 Para a válida constitución do tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente ou presidenta e do secretario ou secretaria, ou se fora o caso, das persoas que os/as substitúan, e a da metade, a lo menos, dos seus membros. Os acordos dos órganos de

selección só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os órganos de selección continuarán constituídos ata que se resolvan as reclamacións suscitadas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

9.5 As actuacións do órgano de selección haberán de axustarse estritamente ás bases da convocatoria. Non entanto, o órgano de selección está facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do correspondente proceso selectivo, para adoptar os acordos necesarios que garantan o seu adecuado desenvolvemento, en todo o non previsto nestas bases, e para resolver as dúbidas que puidesen xurdir en aplicación delas.

9.6 O réxime xurídico aplicable aos tribunais axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

9.7 O órgano de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; as mencionadas asesoras e asesores limitaranse a prestaren colaboración nas súas especialidades técnicas.

Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

9.8 En calquera momento do proceso selectivo, o órgano de selección poderá requirir as persoas aspirantes que acrediten a veracidade dos documentos que acheguen para a súa participación neste.

9.9. O órgano de selección poderá excluír as e os opositores en cuxas follas de exame figuren nomes, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores ou leven a cabo calquera tipo de actuación fraudulenta durante a realización dos exercicios.

9.10. As resolucións dos órganos de selección vinculan ao Consorcio, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida revisalas conforme ao establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo.

9.11. Os órganos de selección, así como o persoal colaborador e asesores, quedarán incluídos na categoría que corresponda ao grupo de titulación ao que pertenzan as prazas convocadas, para os efectos de percepción de asistencias, conforme ao Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Décima. Superación do proceso selectivo

10.1 Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio, xunto coa proposta de nomeamento, na praza ou prazas obxecto da convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes polas persoas aspirantes propostas, serán consultados polo Consorcio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria no prazo de 20 días naturais, desde o día seguinte ao desta publicación da súa proposta de nomeamento como persoal funcionario.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Esta documentación presentarase preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Administración do Consorcio. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Consorcio de poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Así mesmo, as persoas aspirantes deberán realizar un recoñecemento médico obrigatorio que acredite que posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas. O recoñecemento médico será realizado polo servizo de prevención do Consorcio.

Os/as aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán acreditar a compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Non poderán ser nomeadas funcionarias e quedarán sen efectos as actuacións relativas a aquelas persoas que non acrediten os requisitos esixidos na convocatoria.

As persoas que tivesen a condición de persoal laboral estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar esta condición.

10.2 Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes que o superasen e acreditasen en prazo, salvo causa de forza maior, o cumprimento dos requisitos esixidos na correspondente convocatoria, serán nomeadas persoal laboral pola autoridade competente.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do nomeamento no BOP; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes.

10.3 Os órganos de selección non poderán propoñer o acceso á condición de persoal laboral permanente dun número superior de aprobados ao de prazas convocadas, salvo cando así o estableza a propia convocatoria. Con todo, sempre que o órgano de selección propuxera o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou da documentación achegada se desprenda que non cumpran os requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún dos ou das aspirantes, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria de aspirantes que superen as probas que sigan as e os propostos, por orde de puntuación, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

10.4 De conformidade co artigo 2.6 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, corresponderá unha compensación económica, equivalente a 20 días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de 12 mensualidades, para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización.

No caso do persoal laboral temporal, a dita compensación consistirá na diferenza entre o máximo de 20 días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de 12 mensualidades, e a indemnización que lle correspondese percibir pola extinción do seu contrato, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. No caso de que a citada indemnización fora recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación de cantidades.

A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

10.5 A adxudicación dos postos entre os aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase segundo a petición de destino de acordo coa puntuación total obtida, tendo en conta o previsto no artigo 54 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, respecto ao acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

10.7 O acto que poña fin ao procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do órgano de selección ditados en virtude de discrecionalidade técnica no desenvolvemento do seu cometido de valoración, estará referida ao cumprimento das bases da convocatoria e das normas regulamentarias.



10.8 O órgano de selección poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto de convocatoria que non resulten cubertas por non superar o proceso selectivo o número suficiente de aspirantes.



BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DENTRO DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO, DE 1 PRAZA DE DIRECCIÓN – COORDINACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES. (EQUIVALENTE GRUPO A1) DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA.

1 OBXECTO

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dentro do proceso extraordinario de estabilización do emprego público, de 1 praza de Dirección – Coordinación da Torre de Hércules (equivalente grupo A1) praza incluída na OEP do ano 2022).

Estas bases son complementarias ao procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos convocados polo Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña (en diante, o Consorcio) para cubrir prazas vacantes de persoal laboral, polo proceso extraordinario de estabilización do emprego público.

2 SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso.

3 REQUISITOS

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais indicadas na base específica 1, os seguintes requisitos:

Estar en posesión do Título de Enxeñaría ou Arquitectura ou Licenciado en Ciencias Empresariais, Económicas, ADE, Historia, Arte, Ciencias Sociais ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como



persoal laboral.

4 SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) mediante o procedemento específico “Participación en probas selectivas”. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán declarar no modelo de solicitude de admisión a probas selectivas de estabilización que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

Os anuncios das convocatorias publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no Boletín Oficial do Estado (en diante BOE).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

4.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas de estabilización (Anexo 1) dispoñible na sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>), ou no rexistro do Consorcio.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Consorcio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

En todo caso, as persoas aspirantes deberán acompañar a solicitude coa documentación que acredite os méritos alegados, de acordo coa base 5.

4.2 Acceso de persoas con discapacidade

As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir no modelo oficial da solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización da proba de coñecemento do idioma galego a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

5 PROCEDIMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará dunha fase de concurso e unha proba de acreditación de coñecemento de lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas aspirantes que acrediten a posesión do Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

5.1 FASE DE CONCURSO

Esta fase consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos alegados polas persoas aspirantes nas súas solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación que acredite os méritos presentaranse, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, preferentemente por vía electrónica, a través da sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>). Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes dos servizos do Consorcio.

Os méritos profesionais suporán un 90% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo e os demais méritos suporán un 10% da puntuación máxima alcanzable.



Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional:

a.1 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica en Consorcios de Turismo e/ou Congresos: 0,9375 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.2 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutros Consorcios locais: 0,75 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.3 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutros Consorcios: 0,625 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.4 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutras administracións públicas locais distintas das anteriores: 0,536 puntos por mes completo de servizos efectivos.

A puntuación máxima neste apartado será de 90 puntos.

Os méritos relativos aos servizos prestados no Consorcio deberán alegarse coa solicitude, con indicación dos períodos de servizos prestados e serán comprobados polos Servizos do Consorcio.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante certificado expedido polo órgano correspondente. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento con indicación da praza, corpo, escala, subescala ou clase de adscrición. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondentes a esa categoría.

b) Formación e outros méritos:

b.1 Cursos de formación: outorgarase unha puntuación por cada hora de cursos formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria específica e que fosen convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP),

Escolas oficiais de idiomas (EOI), Escolas de formación similares do Estado e das restantes administracións públicas, demais administracións públicas, Universidades públicas, Organismos públicos e Entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas, Colexios profesionais, Sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap). Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración en horas.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa da formación cando esta figure nos expedientes dos servizos deste Consorcio.

A puntuación por cada hora de formación establecerase en función do subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que non teña subgrupo, da praza obxecto desta convocatoria, de acordo co previsto nas bases xerais que regularán os procesos selectivos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición nos seguintes termos: 0,08 puntos por cada hora de formación.

b.2 Outros méritos: 0,5 puntos por cada un dos exercicios superados da fase de oposición nas últimas dúas convocatorias, pola quenda libre, realizadas polo Consorcio para a cobertura como persoal laboral das mesmas prazas obxecto desta convocatoria específica, dentro dos 15 anos anteriores á data final do prazo de presentación de solicitudes.

A superación dalgún dos ditos exercicios deberá ser alegada polas persoas aspirantes dentro da relación de méritos alegados na súa solicitude e será comprobada polos Servizos de do Consorcio.

A puntuación máxima neste apartado será de 10 puntos.

O órgano de selección realizará a baremación da fase de concurso e publicará a puntuación provisional na sede electrónica do Consorcio e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio.

Contra os resultados da puntuación provisional obtida na fase de concurso as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o órgano de selección nun prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación. Á vista das reclamacións presentadas o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas.

5.2 PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

As persoas aspirantes que acaden maior puntuación na baremación definitiva de méritos, en número igual ao de prazas convocadas, serán propostas polo órgano de selección para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega. Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo Tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

6 CUALIFICACIÓN FINAL

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na baremación dos méritos do concurso, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal laboral.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados na base 3 desta convocatoria.

O Tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

7 ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS

Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio, xunto coa proposta de nomeamento, na praza ou prazas obxecto da convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes polas persoas aspirantes propostas, serán consultados polo Consorcio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria no prazo de 20 días naturais, desde o día seguinte á publicación da súa proposta de nomeamento como persoal laboral. Esta documentación presentaranse preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Consorcio. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non acredite os requisitos esixidos nesta convocatoria non poderá ser nomeado e anularanse todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade.

A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal laboral nas prazas obxecto desta convocatoria mediante resolución da autoridade competente.

A adxudicación de postos de traballo efectuarase segundo as peticións das persoas interesadas entre os postos que se lles oferten de acordo coa puntuación sinalada na base 6, sempre que reúnan os requisitos obxectivos determinados para cada posto na relación de postos de traballo.



BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DENTRO DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO, DE 6 PRAZAS DE AUXILIAR DE INFORMACION TURÍSTICA (EQUIVALENTE SUBGRUPO C2) DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

1 OBXECTO

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dentro do proceso extraordinario de estabilización do emprego público, de 6 prazas de auxiliar de información turística (equivalente subgrupo C2), prazas incluídas na OEP do ano 2022.

Estas bases son complementarias ao procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos convocados polo Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña (en diante, o Consorcio) para cubrir prazas vacantes de persoal laboral, polo proceso extraordinario de estabilización do emprego público.

2 SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso.

3 REQUISITOS

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais indicadas na base específica 1, os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional de primeiro grado ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal laboral.



4 SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da Sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) mediante o procedemento específico “Participación en probas selectivas”; poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán declarar no modelo de solicitude de admisión a probas selectivas de estabilización que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

Os anuncios das convocatorias publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no Boletín Oficial do Estado (en diante BOE).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

4.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas de estabilización (Anexo 1), ademais, dispoñible na Sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) ou no rexistro do Consorcio.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Consorcio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

En todo caso, as persoas aspirantes deberán acompañar a solicitude coa documentación que acredite os méritos alegados, de acordo coa base 5.

4.2 Acceso de persoas con discapacidade

As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir no modelo oficial da solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización da proba de coñecemento do idioma galego a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

5 PROCEDIMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará dunha fase de concurso e unha proba de acreditación de coñecemento de lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas aspirantes que acrediten a posesión do Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

5.1 FASE DE CONCURSO

Esta fase consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos alegados polas persoas aspirantes nas súas solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación que acredite os méritos presentaranse, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, preferentemente por vía electrónica, a través da Sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>). Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes dos servizos do Consorcio.

Os méritos profesionais suporán un 90% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo e os demais méritos suporán un 10% da puntuación máxima alcanzable.



Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional:

a.1 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na praza obxecto desta convocatoria específica en Consorcios de Turismo e/ou Congresos: 0,9375 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.2 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutros Consorcios locais: 0,75 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.3 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutros Consorcios: 0,625 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.4 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutras administracións públicas locais distintas das anteriores: 0,536 puntos por mes completo de servizos efectivos.

A puntuación máxima neste apartado será de 90 puntos.

Os méritos relativos aos servizos prestados no Consorcio deberán alegarse coa solicitude, con indicación dos períodos de servizos prestados e serán comprobados polos Servizos do Consorcio.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante certificado expedido polo órgano correspondente. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento con indicación da praza, corpo, escala, subescala ou clase de adscrición. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondentes a esa categoría.

b) Formación e outros méritos:

b.1 Cursos de formación: outorgarase unha puntuación por cada hora de cursos formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria específica e que fosen convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP),

Escolas oficiais de idiomas (EOI), Escolas de formación similares do Estado e das restantes administracións públicas, demais administracións públicas, Universidades públicas, Organismos públicos e Entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas, Colexios profesionais, Sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap). Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración en horas.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa da formación cando esta figure nos expedientes dos servizos deste Consorcio.

A puntuación por cada hora de formación establecerase en función do subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que non teña subgrupo, da praza obxecto desta convocatoria, de acordo co previsto nas bases xerais que regularán os procesos selectivos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición nos seguintes termos: 0,4 puntos por cada hora de formación.

b.2 Outros méritos: 0,5 puntos por cada un dos exercicios superados da fase de oposición nas últimas dúas convocatorias, pola quenda libre, realizadas polo Consorcio para a cobertura como persoal laboral das mesmas prazas obxecto desta convocatoria específica, dentro dos 15 anos anteriores á data final do prazo de presentación de solicitudes.

A superación dalgún dos ditos exercicios deberá ser alegada polas persoas aspirantes dentro da relación de méritos alegados na súa solicitude e será comprobada polos Servizos do Consorcio.

A puntuación máxima neste apartado será de 10 puntos.

O órgano de selección realizará a baremación da fase de concurso e publicará a puntuación provisional na Sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio.

Contra os resultados da puntuación provisional obtida na fase de concurso as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o órgano de selección nun prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación. Á vista das reclamacións presentadas o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas.

5.2 PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

As persoas aspirantes que acaden maior puntuación na baremación definitiva de méritos, en número igual ao de prazas convocadas, serán propostas polo órgano de selección para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega. Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo Tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

6 CUALIFICACIÓN FINAL

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na baremación dos méritos do concurso, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal laboral.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados na base 3 desta convocatoria.

O Tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

7 ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS

Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na Sede electrónica e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio, xunto coa proposta de nomeamento, na praza ou prazas obxecto da convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes polas persoas aspirantes propostas, serán consultados polo Consorcio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria no prazo de 20 días naturais, desde o día seguinte á publicación da súa proposta de nomeamento como persoal laboral. Esta documentación presentaranse preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Consorcio. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non acredite os requisitos esixidos nesta convocatoria non poderá ser nomeado e anularanse todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade.

A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal laboral nas prazas obxecto desta convocatoria mediante resolución da autoridade competente.

A adxudicación de postos de traballo efectuarase segundo as peticións das persoas interesadas entre os postos que se lles oferten de acordo coa puntuación sinalada na base 6, sempre que reúnan os requisitos obxectivos determinados para cada posto na relación de postos de traballo.



BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DENTRO DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO, DE 2 PRAZAS DE AUXILIAR DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (EQUIVALENTE AO SUBGRUPO C2) DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

1 OBXECTO

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dentro do proceso extraordinario de estabilización do emprego público, de 6 prazas de auxiliar de información turística (equivalente subgrupo C2), prazas incluídas na OEP do ano 2022.

Estas bases son complementarias ao procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos convocados polo Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña (en diante, o Consorcio) para cubrir prazas vacantes de persoal laboral, polo proceso extraordinario de estabilización do emprego público.

2 SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso.

3 REQUISITOS

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais indicadas na base específica 1, os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional de primeiro grado ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal laboral.



4 SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da Sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) mediante o procedemento específico “Participación en probas selectivas”; poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán declarar no modelo de solicitude de admisión a probas selectivas de estabilización que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

Os anuncios das convocatorias publicaranse no Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no Boletín Oficial do Estado (en diante BOE).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

4.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas de estabilización (Anexo 1), ademais, dispoñible na Sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) ou no rexistro do Consorcio.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Consorcio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

En todo caso, as persoas aspirantes deberán acompañar a solicitude coa documentación que acredite os méritos alegados, de acordo coa base 5.

4.2 Acceso de persoas con discapacidade

As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir no modelo oficial da solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización da proba de coñecemento do idioma galego a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

5 PROCEDEMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición e unha fase de concurso.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no BOP das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

5.1 FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará de 3 exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- a) Cada resposta correcta puntuará un punto
- b) Cada resposta incorrecta descontará 0,25 puntos

c) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 20 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 10 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados. Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación do cuestionario esixida para alcanzar esta nota mínima.

A nota final será calculada a partir dos puntos obtidos no cuestionario utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 10 + 10 \frac{P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = puntos obtidos pola persoa aspirante no cuestionario

P_c = Puntos de corte, isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o exercicio. Serán determinados polo tribunal durante a corrección daquel.

N = nota final obtida pola persoa aspirante no exercicio (a cifra obtida aplicaráselle o redondeo estándar a dous decimais)

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo de 2 días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na sede (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.

Segundo exercicio: Consistirá na realización dunha proba de carácter práctico utilizando MS Office 2013 que poña de manifesto o coñecemento e manexo das aplicacións de correo electrónico, procesador de textos e folla de cálculo. Este exercicio será cualificado cun máximo de 40 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima.

As persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resolución do exercicio.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación.

Terceiro exercicio: proba de coñecemento da lingua galega. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

5.2 FASE DE CONCURSO

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso as persoas aspirantes que superasen a fase de oposición. Esta fase non terá carácter eliminatorio nin poderá ser tida en conta para superar as probas da fase de oposición e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos alegados polas persoas aspirantes nas súas solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación que acredite os méritos presentaranse, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, preferentemente por vía electrónica, a través da sede electrónica do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>). Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes do Servizo do Consorcio.

Baremo de méritos:



a) Experiencia profesional:

a.1 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na praza obxecto desta convocatoria específica en Consorcios de Turismo e/ou Congresos: 0,6 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.2 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutros Consorcios locais: 0,429 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.3 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutros Consorcios: 0,333 puntos por mes completo de servizos efectivos.

a.4 Servizos prestados como persoal laboral temporal ou indefinido non fixo na escala, subescala, clase e praza obxecto desta convocatoria específica noutras administracións públicas locais distintas das anteriores: 0,273 puntos por mes completo de servizos efectivos.

A puntuación máxima neste apartado será de 36 puntos.

Os méritos relativos aos servizos prestados no Consorcio deberán alegarse coa solicitude, con indicación dos períodos de servizos prestados e serán comprobados polo Servizo do Consorcio.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante certificado expedido polo órgano correspondente. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento con indicación da praza, corpo, escala, subescala ou clase de adscrición. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondentes a esa categoría.

b) Formación e outros méritos:

b.1 Cursos de formación: outorgarase unha puntuación por cada hora de cursos formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria específica e que fosen convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), Escolas oficiais de idiomas (EOI), Escolas de formación similares do Estado e das restantes administracións públicas, demais administracións públicas, Universidades

públicas, Organismos públicos e Entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas, Colexios profesionais, Sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap). Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración en horas.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa da formación cando esta figure nos expedientes do Servizos deste Consorcio.

A puntuación por cada hora de formación establecerase en función do subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que non teña subgrupo, da praza obxecto desta convocatoria, de acordo co previsto nas bases xerais que regularán os procesos selectivos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición: 0,15 puntos por cada hora de formación.

b.2 Outros méritos: 0,5 puntos por cada un dos exercicios superados da fase de oposición nas últimas dúas convocatorias, pola quenda libre, realizadas polo Consorcio para a cobertura como persoal laboral de carreira das mesmas prazas obxecto desta convocatoria específica, dentro dos 15 anos anteriores á data final do prazo de presentación de solicitudes.

A superación dalgún dos ditos exercicios deberá ser alegada polas persoas aspirantes dentro da relación de méritos alegados na súa solicitude e será comprobada polo Servizos do Consorcio de Turismo.

A puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos.

O órgano de selección realizará a baremación da fase de concurso e publicará a puntuación provisional na sede do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>) e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio.

Contra os resultados da puntuación provisional obtida na fase de concurso as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o órgano de selección nun prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación. Á vista das reclamacións presentadas o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas.

6 CUALIFICACIÓN FINAL

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal laboral de carreira.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados na base 3 desta convocatoria.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

7 ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS

Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na sede do Consorcio (<https://Sede.turismocoruna.com/sxc/es>). e no taboleiro de edictos e anuncios do Consorcio, xunto coa proposta de nomeamento, na praza ou prazas obxecto da convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes polas persoas aspirantes propostas, serán consultados polo Consorcio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria no prazo de 20 días naturais desde o día seguinte á publicación

da súa proposta de nomeamento como persoal laboral. Esta documentación presentarase preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo do Consorcio. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non acredite os requisitos esixidos nesta convocatoria non poderá ser nomeado e anularanse todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade.

A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal laboral de carreira nas prazas obxecto desta convocatoria mediante resolución da autoridade competente.

A adxudicación de postos de traballo efectuarase segundo as peticións das persoas interesadas entre os postos que se lles oferten de acordo coa puntuación sinalada na base 6, sempre que reúnan os requisitos obxectivos determinados para cada posto na relación de postos de traballo.

8 ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL LABORAL

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando algún dos exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal laboral segundo o regulado na lexislación de aplicación.

Dado o carácter extraordinario do proceso de estabilización do emprego público previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, esta lista terá carácter supletorio das listas de agarda de persoal laboral interino vixentes derivadas de procesos selectivos convocados dentro da quenda libre ordinaria, e só se poderán utilizar para o nomeamento de persoal laboral nas prazas correspondentes cando non exista listaxe de agarda de persoal laboral vixente derivada de procesos selectivos convocados dentro da quenda libre ordinaria ou cando aquela estea esgotada e non existan persoas integrantes da mesma dispoñibles para o seu nomeamento.

TEMARIO

TEMA 1.- A Constitución Española. Estrutura. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. A reforma constitucional. Goberno: Composición e funcións. As Cortes Xerais. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

TEMA 2.- A organización territorial do Estado na Constitución Española. O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas: competencias exclusivas, compartidas, concorrentes, de desenvolvemento e de execución. O Estatuto de autonomía de Galicia: Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. As competencias de Galicia.

TEMA 3.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións xerais. Os interesados no procedemento. A actividade das Administracións Públicas: normas xerais de actuación. Termos e prazos.

TEMA 4.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Os actos administrativos: concepto, elementos, clases. Produción e contido. Forma, motivación. A eficacia dos actos. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 5.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento. Iniciación. Ordenación. Instrución. Finalización. Execución. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Recursos administrativos.

TEMA 6.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados, abstención e recusación. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. O funcionamento electrónico do sector público.

TEMA 7.- Os contratos do sector público: Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados. As partes nos contratos do sector público. Órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Competencia e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

TEMA 8.- O municipio: Concepto e elementos . Territorio e poboación. Competencias. A organización municipal. Réxime ordinario: Órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, pleno e xunta de goberno local. Órganos complementarios. As competencias



municipais. Réxime de organización dos municipios de gran poboación: Ámbito de aplicación. Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios.

TEMA 9.- Os Consorcios: réxime xurídico

TEMA 10.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Situacións administrativas. Réxime disciplinario. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións

TEMA 11.- .Lei 7/2021, do 27 de outubro, de turismo de Galicia .Organización y competencias da Administración Galega.

TEMA 12.- Lei 7/2021, do 27 de outubro, de turismo de Galicia. Recursos, organización e calidade turística. Funcionamento dous centros de información turística . Fontes de información turística.

TEMA 13.- O concello de A Coruña : Patrimonio histórico, artístico, natural y cultural. Especial mención a la Torre de Hércules.

TEMA 14.- O concello de A Coruña: Patrimonio inmaterial, festas, tradicións e gastronomía. Principais festas e eventos do Concello de A Coruña e a súa influencia na desestacionalización

TEMA 15.- Turismo de congresos. Especial referencia ao turismo urbano da cidade da Coruña . Recursos, principais reclamos e desenvolvemento.

TEMA 16.- Redes sociais con obxecto turístico. Especial coñecemento dos contidos web e redes sociais do Consorcio de Turismo.